

## DÍA DO APICULTOR 2020 - 1 DE FEBREIRO, EN ARZÚA

Este ano 2020 é un ano moi especial, fai 40 anos que naceu AGA e 30 Erica Mel S.C.G., que celebraremos ó grande o día 7 de xuño en Arzúa, na Mostra Galega de Apicultura.

Agora temos diante o Día do Apicultor, o 1 de febreiro, que medra en expositores e actividades. Sobre a *Vespa velutina*, AGA centrase na protección das nosas abellas dun xeito práctico e o menos costoso posible. Imos presentar un novidoso sistema de eliminar niños con escopeta de balíns. En canto á varroa, explicaremos o uso do ácido oxálico, para utilizar como segundo tratamento cando non funcione o primeiro. Seguiremos co programa de valorizar os nosos meles entregando os premios do Concurso de Mel 5 Estrelas. No mercado internacional os prezos baixaron, pero nós non debemos entrar nesas fluctuacións, o noso é un produto diferente e da máxima calidade.

Este ano tamén teremos eleccións a Directiva de AGA, polo que pedímosvos que acudades á Asamblea Xeral co obxecto de axudar a construír unha organización máis forte e mellor.

Bo ano 2020 e vémonos en Arzúa.

### Programa:

#### **PALESTRAS. Na polbeira de Santa María.**

Ás 10.30 h. Mesa redonda sobre a *Vespa velutina*. Coordina Xosé Torres, presidente de AGA.

Visión do control da *Vespa velutina* dende o ámbito da investigación. Marcos González, director Museo Historia Natural USC; novo plan de loita da Xunta de Galicia, por representante Xunta de Galicia; a loita contra a *Vespa velutina* no Concello de Carballo, por Isidro Rodríguez, Plaguiber; ferramentas dos abelleiros, por José M<sup>a</sup> Bello, DAGA Morrazo.

Ás 12 h. Entrega diplomas Concurso Mel 5 Estrelas e mesa redonda sobre os meles premiados. Coordina Suso Asorey, voceiro de AGA, e participan Joaquín Lozano, membro do panel de cata e gañadores do concurso.

Ás 13 h. Asemblea xeral de AGA e eleccións directiva.

Ás 16.30 Tratamento da varroa con ácido oxálico. Gonzalo Calvo, veterinario de AGA.

Ás 17 h. Plan Apícola 2020 e laboratorio de AGA. Por Gonzalo Calvo e Joaquín Lozano, veterinarios de AGA.

Ás 17.30 h. Presentación do proxecto Apiturismo en Galicia 2020-2021. Por Paula Souto, técnica de AGA.

#### **ACTIVIDADES PARALELAS**

##### **Na nave de Erica e arredores. De 10 a 14 e de 16 a 18 h.**

Feira de material apícola. Empresas: Lyson, Polonia; Anel, Grecia; Macmel, Portugal; Apisantos, Portugal; Erica Mel Galicia; Apícola Carballal, Ourense; Angel Romero, Zamora; outros.

Exposición sobre a *Vespa velutina e sanidade*. Postos informativos e empresas: Sanve, Vel-Zapper, Apiyago, Rucamanqui-Vetopharma e outros.

##### **No Centro do Queixo e do Mel. De 10 a 14 e de 16 a 18 h.**

Exposición sobre apiturismo: fotografías e vídeo sobre o patrimonio tradicional apícola de Galicia  
Degustación dos Meles 5 Estrelas. Por Noela Torres, restauradora  
Espazo infantil (ver programación na web)

##### **Na Polbeira de Santa María, de 14 a 16 h.**

Xantar abelleiro. Non é necesaria reserva previa, para máis información contactar coa polbeira: tel. 986 58 77 21

## Compra cera e alimento Plan Apícola 2020

O Día do Apicultor poderase mercar cera e alimento do Plan Apícola 2020. Para que poida entrar na subvención será obrigatorio mercalo en Erica Mel, tanto a cera coma o alimento, e indicar no momento da compra que é para incluír no Plan Apícola. O cambio de cera vella debe facerse con Apícola Carballal ou Angel Romero, pero a cera laminada terá que mercarse igualmente en Erica Mel. Ademais, a partir do 1 de febreiro, quen o precise pode solicitar a recollida do material nalgún dos outros provedores habituais, pero facendo o pedido e o pago previamente en AGA.

## Convocatoria Asemblea Xeral de AGA

O día 1 de febreiro de 2020, na Polbeira de Santa María (Arzúa), ás 13 horas en primeira convocatoria e ás 13.30 h en segunda convocatoria.

### Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior, de proceder
2. Relatorio de actividades realizadas e economía de AGA do ano 2019
3. Presentación de candidaturas, programa de actividades e orzamento para o ano 2020
4. Elección da nova xunta directiva
5. Rogos e preguntas

### Nota:

As candidaturas que se queiran presentar á directiva de AGA deberán adxuntar programa de actividades e orzamento no domicilio social de AGA (Costa de San Marcos, 7 15890 Santiago de Compostela) ata o 22 de xaneiro de 2020, conforme ao artigo 23 dos estatutos de AGA (pódense consultar na nosa web)

## SEGURO APÍCOLA E ACTUALIZACIÓN CADERNO

A partir do mes de xaneiro pódese **suscribir ou renovar o seguro colectivo de colmeas de AGA**, que inclúe multirrisco e responsabilidade civil e ten un prezo de 1 € por colmea. A póliza actual remata o 7 de febreiro e non se renova de xeito automático, polo que hai que comunicar a AGA a renovación indicando: nome do socio ou socia, nome do titular da explotación, nº REGA, nº colmeas e forma de pago.

Para solicitar a **subvención do Plan Apícola é obrigatorio ter un seguro de colmeas**, sexa por AGA ou por conta propia. Pero se se solicita o cobro da subvención do seguro a través de AGA, ten que ser feito a través da póliza de AGA.

Lembramos que as persoas titulares de explotacións apícolas teñen a obriga de **actualizar o caderno na oficina agraria antes do 1 de marzo**. Este é un requisito indispensable para solicitar a subvención do Plan Apícola. É aconsellable que as explotacións teñan un nº de colmeas múltiplo de 5, para facilitar a xestión dos tratamentos da varroa e subvencións.

## XORNADA INFORMATIVA SOBRE A SUBVENCIÓN DE INCORPORACIÓN

Formación organizada por AGA e SLG Sindicato Labrego Galego, que terá lugar o día **24 de xaneiro ás 16 h no Centro do Queixo e do Mel en Arzúa**. Vai dirixida a persoas que queiran solicitar a subvención de incorporación, que está a piques de saír publicada. A actividade é de balde para socios/as de AGA e SLG, pero requírese a inscrición previa en AGA. Só se realizará se hai un mínimo de inscricións.

Lembramos ademais que AGA ten un convenio de colaboración co SLG, polo cal os socios e socias de AGA poden solicitar o servizo de asesoramento para esta ou outras subvencións en calquera oficina do SLG.

## MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María - Arzúa / Tel. 981 508 142 / 630 069 637

Email: [info@apiculturagalega.es](mailto:info@apiculturagalega.es) / Web: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es) / Facebook AGA